

PERCORRENDO A CONTORNA O PATRIMONIO HISTORICO – ARTISTICO COMO RECURSO DIDACTICO

Docentes: Iciar Ezquieta e Begoña Paz

PROPOSTA DIDACTICA EN 5 PASOS

A intención deste traballo é iniciar o guión dunha proposta didáctica partindo do PATRIMONIO como recurso educativo.

Para elo convidámosche a escoller un foco de interese, presentar unha secuenciación de posibles actividades e deseñar un material didáctico específico.

(recurso educativo de apoio)

Realiza un guión creativo, aberto, plural que posibilite o traballo interdisciplinar e por proxectos.

SE QUERES PODES FACELO CON OUTRA PERSOA OU GRUPO DE PERSOAS.

Hai que telo listo para a sesión do día **24 DE OUTUBRO**. Faremos unha presentación grupal de cada un dos traballos para así recoller novas ideas e crear un potencial banco de recursos para a educación patrimonial.

A continuación dámosche as pautas para elaborar o traballo, non afondaremos en temas curriculares senón en ideas e proxectos que logo se poden adaptar.

1 ESCOLLE UN FOGO DE INTERESE (PONLLE UN NOME)

As visitas realizadas durante o curso poden ser un bo punto de partida, pero si tes OUTRO TEMA **adiante !!!**

O máis importante é que che interese, que o poidas traballar na aula.

Que sexa **INTERDISCIPLINAR, MOTIVADOR, SIGNIFICATIVO**
(Pensa a quén vai dirixido)

2 OBXECTIVOS

Punto de partida que nos permite seleccionar, organizar e conducir os contidos e polo tanto definir o proceso e procedementos de ensinanza-aprendizaxe en función dos fins que desexamos acadar.

3 CONTIDOS

Coñecementos artísticos, culturais, patrimoniais científicos, habilidades, destrezas, actitudinais, valores.

4 ACTIVIDADES **OLLO! plantexa una secuenciación**

- ◆ **ACTIVIDADES INTRODUTORIAS**
- ◆ **DE DESENVOLVEMENTO**
- ◆ **A VISITA DIDACTICA**
- ◆ **ACTIVIDADES FINAIS DE REFLEXION- AVALIACION**

Explica brevemente cada unha delas, ponlle uns títulos ben atractivos / deseño motivador / e cunha metodoloxía participativas

5 MATERIAS DIDACTICOS

Que material didáctico vas a empregar? Para que o vas a utilizar?

Procura unha idea creativa e innovadora, reformúlaa e adaptaa.

Explica cunha imaxe de referencia, ou ben fai un debuxo,

unha fotomontaxe, etc. **(que nos axude a comprendelo)**

GARDA O PROXECTO EN FORMATO PDF

NON ESQUEZAS DE SUBILO A PLATAFORMA